



# Guion técnico exemplo

## FICHA TÉCNICA

**Emisora ou grupo responsable:** alumnado de 1ºESO do programa “Que pasa no meu centro?”

**Crónica:** “O noso tesouro natural”

**Duración:** 1 minuto

### Secuencia de realización

| Control/ realización | Sintonía  | 7”  |
|----------------------|---|-----|
| Locutora             | <p>Dámoslle a benvida neste caloroso día. Hoxe é 3 de xuño, e, con vistas ao verán, miles de turistas preparan as súas vacacións para visitar o paraíso natural que é o noso arquipélago. Máis de 13 millóns de persoas fixérono no 2019. Disfrutaron da nosa gastronomía, as nosas praias, o sol e os 146 espazos que compoñen a Rede Canaria de Espazos Naturais Protexidos.</p> <p>Dende o ano 94 inténtase protexer ao máximo o noso patrimonio natural a través de múltiples figuras, desde os coñecidos Parques Nacionais e Naturais ata outras menos destacadas, como os Sitios de Interese Científico. O coñecemento desta riqueza natural entre a poboación é máis que necesario, xa que só se cuida o que se ama. Buscar o equilibrio entre o desenvolvemento socioeconómico e a protección ambiental non é só unha obriga de quen nos goberna, senón un dos seus maiores retos. Canarias, ademais de ter un clima privilexiado, goza dun entorno natural que atrae cada ano a miles de persoas a contemplar os seus contrastes. Se queremos seguir disfrutando e presumindo de praias, bosques de laurisilva ou paisaxes volcánicos debemos poñer o foco na protección da mesma maneira que se traballa no turismo.</p> <p>As illas son máis que o noso tesouro natural, son o noso fogar. Imos poñelo en valor!</p> | 40” |

## TIPOS DE EDITORIAIS

Na práctica é difícil realizar unha clasificación de tipos de editoriais. O frecuente é que apareza unha mestura de intencións. Así poden ter un carácter:

- **Persuasivo** (todos en xeral).
- **Combativo** (protestan, condean ou debaten).
- **Crítico** (falan en nome da opinión pública).
- **Admonitorio** (intentan chamar á calma).
- **Exhortativo ou de loita** (chaman á acción).
- **Aberto**. Neles búscase máis entreter ou expoñer feitos para que a audiencia se forme a súa propia opinión.



# O editorial

## Que é?



O editorial é un artigo que expresa a opinión do medio sobre un tema concreto, habitualmente de actualidade. Trátase, por tanto, dun xénero de opinión con dúas principais peculiaridades: non se asina e non representa a opinión de quen o escribe, senón da radio, emisora ou cadea que o emite.

O medio non só toma unha posición respecto a uns feitos, senón que intenta convencer á súa audiencia de que a súa postura é a acertada.

Debe ser breve, aínda que non existe unha duración determinada para esta peza (de 2 a 4 minutos).



## Obxectivo

O seu obxectivo é definir un punto de vista sobre un feito, crear opinión a través do análise e a interpretación dun acontecemento. Por tanto, a través do editorial, o medio trata de influir na súa audiencia.



## Elementos chave

Para ter éxito co teu editorial debes prestar atención a:

- Defensa dunha única idea central.
- Compromiso coa túa postura fronte ás demais opcións.
- Tema relacionado coa actualidade e cos intereses da audiencia á que nos diriximos.
- A voz como representación da emisora, coherente coa mensaxe.



### PAUTAS PARA ELABORAR UN EDITORIAL

- Usa mensaxes directos, non divagues.
- É máis importante ser concreto/a que detallista.
- Argumenta de forma fluida.
- Debes usar un estilo sinxelo: non buscas amosar canto sabes, senón facer chegar a túa opinión á audiencia, sen esquecer que o editorial está representando á emisora (do centro, clase, asociación, etc.)



## ESTRUTURA

Debe conter catro partes básicas, aínda que existe certa liberdade de composición: inicio, introdución, desenvolvemento e conclusión.

- O **inicio** pode conter unha frase impactante que atrape: unha anécdota, un exemplo, unha historia, unha pregunta provocadora...
- A **introdución** xustifica a importancia do feito e que este se trate no editorial. Debe animar á lectura.
- No **desenvolvemento** xustifícanse as opinións a través do análise, os datos e as argumentacións obxectivas.
- O **feche** contén unha recapitulación da postura defendida e a conclusión. Ás veces ofrece solucións ou consellos. o Tamén se pode retomar a idea coa que comezamos.



## Como?

- 1 **Documentate** a fondo. O feito de que se trate dunha peza de opinión non implica que poidas basearte únicamente en apreciacións persoais. Estas deben estar fundamentadas e argumentadas con datos, comparacións e exemplos fiables.
- 2 **Explica os feitos.** Ademais de contar a importancia do que sucedeu debes ofrecer antecedentes e contextualización.
- 3 **Formula xuízos.** Posiciónate en prol ou en contra do feito ou hipótese.
- 4 **Intenta convencer.** Usa técnicas expositivas e argumentativas para chamar aos teus oíntes á acción.
- 5 Emprega os datos obxectivos como **fío condutor** das túas argumentacións.
- 6 **Adiántate ao futuro.** Expón á audiencia qué pasará no futuro respecto ao tema do que falas.

Javier Gallego, Carne Crúa

Pepa Bueno, Cadena SER



EXEMPLOS